

# ACTUALIDADE FISCAL

Coordinadora: Ana María Pita Grandal

- Ana María Pita Grandal – Carmen Ruiz Hidaldo  
*Lei Orgánica 3/2009, do 18 de decembro de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas*
- Ana María Pita Grandal – Carmen Ruiz Hidaldo  
*Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das CC.AA. de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas.*
- Ana María Pita Grandal – Carmen Ruiz Hidaldo  
*Normas tributarias incorporadas na Lei das SOCIMI: Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.*
- Roberto I. Fernández López  
*Novedades introducidas no ordenamento financeiro e tributario de Galicia en 2009*
- Jaime Aneiros Pereira – Mónica Siota Álvarez  
*As medidas de axuste fiscal e de incentivo nos principais impostos do sistema tributario estatal*
- Luis Miguel Muleiro Parada  
*O tratamento no IVE dos negocios xurídicos realizados entre as cooperativas de vivendas e os cooperativistas: Comentario a propósito da STS de 24 de setembro de 2009*

— | —

— | —

Cooperativismo e Enonomía Social, nº 32 (2009-2010), pp. 233-235

**LEI ORGÁNICA 3/2009, DO 18 DE DECEMBRO DE  
MODIFICACIÓN DA LEI ORGÁNICA 8/1980, DO 22 DE  
SETEMBRO, DE FINANCIAMENTO DAS COMUNIDADES  
AUTÓNOMAS.**

Ana MARÍA PITA GRANDAL

*Catedrática de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo*

Carmen RUIZ HIDALGO

*Profesora de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo*

Os artigos 156 e 157 da Constitución Española regulan o marco constitucional do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas, onde se institúe o principio de autonomía financeira, así como a enumeración dos recursos tributarios das Comunidades Autónomas, remitindo a unha Lei Orgánica a regulación do exercicio destas competencias financeiras. Pois ben, este marco constitucional completouse coa aprobación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas e cos Estatutos de Autonomía, seis deles reformados recentemente.

O 15 de xullo, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas adoptou o Acordo 6/2009, para a reforma do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de Réxime Común e Cidades con Estatuto de Autonomía. O Acordo citado introduciuse no marco xurídico xeral do sistema de financiamento a través da Lei Orgánica 3/2009, do 18 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas.

A Lei Orgánica 3/2009, do 18 de decembro, introduce dous principios fundamentais, que van ter incidencia no ámbito dos tributos cedidos e nos límites para a creación de tributos propios polas CCAA. Os principios aos que nos referimos son, por un lado, a garantía dun nivel base equivalente de

financiamento dos servizos públicos fundamentais. Por outro lado, a corresponsabilidade das CCAA e o Estado.

Pois ben, garantir un nivel base equivalente de financiamento dos servizos públicos fundamentais instruméntase mediante a creación do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais. É dicir, os recursos financeiros para a prestación dos servizos básicos do Estado do Benestar deben servir para que estes se poidan prestar en igualdade de condicións a todos os cidadáns, independentemente da Comunidade onde residan, en cumprimento do artigo 158.1 da Constitución. A creación deste Fondo afecta tanto á denominación coma á determinación do Fondo de Suficiencia -art.º 13 LOFCA-. Deste xeito, pasa a denominarse Fondo de Suficiencia Global, xa que busca asegurar a suficiencia en financiamento da totalidade das competencias. E polo que se refire á súa determinación, ten por obxecto cubrir a diferenza entre as necesidades de gasto e a suma da capacidade tributaria de cada CCAA e as transferencias recibidas do Fondo de Garantía de Servizos Públicos.

Respecto á corresponsabilidade fiscal, tendo en conta os Acordos adoptados polo Consello de Política Fiscal e Financeira de 1996 e 2001, o Acordo 6/2009 recolleu importantes avances na liña de seguir potenciando a corresponsabilidade e autonomía das CC.AA., de aumentar o peso dos recursos tributarios sobre o total do financiamento destas, de ampliar as competencias normativas, a capacidade legal para modificar o nivel ou a distribución dos recursos tributarios e a participación e colaboración nos labores de xestión tributaria.

Neste senso, a Lei Orgánica 3/2009 modificou o art.º 11 da LOFCA, elevando do 33% ao 50% a cesión ás CC.AA. no Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas. Tamén se eleva dende o 35% ata o 50% a cesión correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido. Polo que se refire aos Impostos Especiais de Fabricación sobre Cervexa, Viño e Bebidas Fermentadas, Produtos Intermediarios, Alcohol e Bebidas Derivadas, Labores de Tabaco e Hidrocarburos, a porcentaxe de cesión pasa do 40% ao 58%.

Xunto coa elevación das porcentaxes de cesión, as competencias normativas das CCAA amplíáronse na fixación da contía do mínimo persoal e familiar, coa conseguinte modificación do artigo 19 da LOFCA. Así mesmo, en materia de Revisión Económico-Administrativa prodúcese unha ampliación de competencias -art.º 20 LOFCA-, ao permitir que o exercicio da función revisora en vía administrativa dos actos de xestión ditados polas Administracións Tributarias das CC.AA. en relación cos tributos estatais sexades asumidos por estas últimas, sen prexuízo da